



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O MINISTERIO DE DEREITOS SOCIAIS E AXENDA 2030 E A COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA, SOBRE O SISTEMA DE INFORMACIÓN DE USUARIOS DE SERVIZOS SOCIAIS (SIUSS) EN VERSIÓN WEB, PARA A CESIÓN DO CÓDIGO FONTE DA APLICACIÓN INFORMÁTICA E INTERCAMBIO DE INFORMACIÓN

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Inclusión Social da Consellería de Política Social, **DECLARA:**

Que esta consellería ten previsto formalizar co Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030 o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue os catro anos seguintes á data da súa sinatura.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A colaboración entre o Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030 e a Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Consellería de Política Social e a AMTEGA, para a cesión del Código Fuente de la aplicación informática SIUSS Web e o intercambio de información entrámbalas dúas administracións (estatal e autonómica) en forma de explotacións estatísticas baseadas na extracción dos datos anonimizados dos servizos sociais comunitarios municipais.

Que existe converxencia de intereses entrámbalas dúas administracións públicas asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

A Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o que se establece no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coas competencias outorgadas ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude se aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.





A Consellería de Política Social é o departamento da administración autonómica ao que lle corresponden as competencias en materia de servizos sociais e ao que, por conseguinte, lle corresponde subscribir o convenio de colaboración, consonte o disposto no Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social.

O Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030, en virtude das súas competencias, que lle veñen atribuídas pola Constitución, a Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e o Real Decreto 452/2020, do 10 de marzo de 2020, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030 e se modifica o Real Decreto 139/2020, do 28 de xaneiro, polo que se establece la estrutura orgánica básica dos departamentos ministeriais (B.O.E. núm. 25 do 29 de xaneiro de 2020), é o órgano da Administración do Estado ao que se lle atribúen as competencias en materia de servizos sociais e, en consecuencia, o que xestiona, desenvolve e administra a aplicación informática SIUSS e ao que lle corresponde formalizar este convenio de colaboración.

A utilización da figura do convenio de colaboración xustifícase neste caso pola especial natureza do seu obxecto, que consiste nun marco de colaboración que non implica custo económico ningún para ningunha das súas administracións públicas asinantes, porque o seu obxecto concrétese unicamente na asunción de obrigas de facer polas partes asinantes, asumindo a Comunidade Autónoma de Galicia aloxamento de SIUSS nos servidores autonómicos e o Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030 as do outorgamento dunha licenza gratuíta á Comunidade Autónoma do código fonte da aplicación SIUSS-web e máis as de soporte e actualización deste software, ademais das obrigas recíprocas de traspaso e intercambio de información.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a formalización dun contrato dos contemplados no Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.





En atención ao exposto, e co fin de darlle cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria.

Santiago de Compostela, á data da sinatura dixital.

O director xeral de Inclusión Social

Arturo Parrado Puente

